



LA ENTREVISTA ENCADENADA

► O secretario xeral para o Deporte entrevista á súa amiga e compañeira de partido Pilar Rojo. Ámbolos dous falan da etapa da presidenta do Parlamento como conselleira de Deporte

JOSÉ RAMÓN LETE ENTREVISTA A PILAR ROJO

«Os deportistas son exemplo de vida saudable e espírito de superación»

TRANSCRIPCIÓN: ANDREA ACUÑA

A ACTUAL presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Nogueira, leva gran parte da súa vida vinculada ao mundo do deporte. É gran afeccionada e practicante de deporte, polo que investiu moito esforzo e traballo na súa vida.

Foi conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia entre xaneiro de 2003 e xullo de 2005, dous anos e medio dos que fai memoria nesta entrevista con José Ramón Lete Lasa, actual secretario xeral para o Deporte.

A pesar de que convalece dunha intervención que a mantén afastada temporalmente dalgunhas obrigas parlamentarias, Pilar Rojo non dubidou en atender o Diario de Pontevedra.

Cales son os recordos que destacarías da túa etapa como conselleira de Deportes?

Sempre me gustou o mundo do deporte, pero ata entón nunca tivera experiencia de xestión neste ámbito. Xestionar as competencias autonómicas en materia de deportes é unha das experiencias máis gratificantes que pode vivir calquera persoa que desempeñe responsabilidades públicas. Para min, nalquel momento, foi todo un descubrimento.

Daquela, vivimos un gran momento para o deporte galego internacionalmente, no de base e no de alta competición. E ti sabes perfectamente, José Ramón, que nunca poderemos esquecer, entre outros moitos, éxitos como a dobre medalla olímpica conseguida por David Cal nos Xogos Olímpicos de Atenas 2004.

Só gardo bos recordos e agradecemento para todos os deportistas galegos, para o mundo do deporte, en xeral, e para todos os que, coma ti, me axudastes a formar equipo.

E en materia de equipamentos?

Tiñamos moitos bos proxectos, pero faltounos algo de tempo para podelos materializar todos. Con todo, nós deixamos numerosas medidas e moito traballo enriba da mesa, algunhas das cales agardo que ti as poidas recuperar e realizar durante o teu mandato.

Eu sempre tiven moi claro que unha boa rede de infraestruturas constitúe a base indispensable para que non só os deportistas,

senón o conxunto da sociedade, se anime tamén a practicar deporte.

Sempre tiveches claro que había que apostar polo deporte de alto nivel.

Por suposto, e polo deporte de base. É algo esencial porque deporte de base e de alto nivel son complementarios e non poden existir o un sen o outro. O conxunto da sociedade, e moi especialmente os rapaces, necesitan referentes dos que tomar exemplo.

Nun medio consumista e sedentario no que, sobre todo, os nosos cativos están expostos a moitos riscos, é esencial que lles ofrezamos unha alternativa real baseada nun estilo de vida saudable

Etapa como conselleira

«Tiñamos moitos bos proxectos, pero faltounos algo de tempo para podelos materializar todos»

e en valores como o sacrificio, o traballo intenso, o esforzo e o espírito de superación. E non hai ninguén mellor que os nosos deportistas para visualizar esa alternativa.

Algúns din que, como conselleira de Deportes da Xunta de Galicia, dedicaches unha atención especial á cidade de Pontevedra. Que hai de certo?

Cando un é responsable da xestión dos cartos públicos, non pode traballar en termos localistas ou de favoritismo. Aos feitos me remito. Ti ben sabes que o noso obxectivo era o conxunto de Galicia e que fixemos cousas e proxectos alí onde criamos que eran necesarios.

Cousa distinta é potenciar os

Gratificante

«A xestión deportiva é unha das experiencias máis gratificantes que pode vivir calquera persoa»

recursos preexistentes en cada cidade ou en cada comarca, e o certo é que Pontevedra atesoura un potencial indiscutible en materia deportiva.

Foi esa a razón a que nos levou a apostar por proxectos como o Complexo Deportivo Pontillón de Castro, en Verducido –que é necesario potenciar e darlle novos usos–; o Complexo Deportivo da Parada –que deixamos canalizado, pero logo non foron quen de rematar–, que fora formulado canda o Estadio de Pasarón; ou as instalacións deportivas proxectadas en Cernadiñas Novas, que, sorprendentemente, o Concello presenta agora como unha idea propia. Aínda así, ogallá o poida facer.

Con todo, unha das túas teimas sempre foi o Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

Claro. Como xa expliquei, é esencial tratar de ampliar os éxitos de Galicia na alta competición deportiva, non só en termos cuantitativos, para acadar un determinado número de trofeos, medallas ou títulos, senón para remover as consciencias de xeito que o conxunto da sociedade se convenza do importante que é practicar actividade física de xeito regular.

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva sempre foi un centro modélico, no que se formaron e se forman os nosos mellores deportistas.

Pero a túa visión era bastante máis ampla.

Sempre tiven claro que o Centro Galego de Tecnificación Deportiva tiña que aspirar a máis. Como ben sabes, daquela, sempre pensabamos en potencialo como punto de partida para que no futuro Galicia puidese aspirar a un centro de alto rendemento e, de feito, chegamos a traballar nun plan director.

Logo de todo o que temos falado, creo que reconducir esta situación e xerar ilusión, de novo, no mundo do deporte, é o teu gran reto, José Ramón. Tes gañas e capacidade abondo para facelo. Moito éxito!

A quen lle gustaría entrevistar?

A Teresa Pedrosa, polo seu gran compromiso co mundo do deporte

LA CAGAMOS, LUIS

JAVI CASAL



El eterno retorno

Florentino Pérez asegurou en su día que había aprendido de sus errores. Visto lo visto, da la sensación de que ocurre todo lo contrario

En su retorno triunfal a la poltrona, aclamado como lo fue Michael Jordan cuando se cansó de hacer el ganso con un bate de béisbol y volvió al United Center de Chicago para coleccionar anillos, Florentino Pérez asegurou que había aprendido de sus errores. Y claro, los madridistas, ávidos de triunfos y de gomas de borrar para eliminar cualquier atisbo del triplete culé, nos frotamos las manos. Pero, menos de medio año después, todo parece indicar que El Ser Superior volvió... para volver a tropezar en la misma piedra.

Salvo que cambie mucho la historia, parece que la aventura de Pellegrini al mando de la nave blanca tiene los días contados. Visto el panorama que hay en el gallinero mediático madrileño, parece que ni devolviendo el 2-6 el chileno va a salvar la cabeza. Así, pues, parece que tocará volver a empezar por enésima vez. Queiroz, Luxemburgo, García Remón, Camacho, Capello (qué error haber dejado marchar a un técnico que convierte en ganadoras a las piedras), Schuster... El eterno retorno.

Personalmente, mucho me temo que el Madrid no va a solucionar nada echando a Pellegrini e instalando un nuevo parche. Resulta inconcebible que nadie mueva un dedo para acometer una operación limpieza como Dios manda en un vestuario que huele a podrido por los cuatro costados. No hay más que echar un vistazo a la prensa. Raúl, otrora icono y ahora poco más que un cono, asegura que «la adaptación está siendo lenta». Casillas asegura que el Madrid vive en «una peli de Spielberg». Que cada uno saque sus propias conclusiones. Ahora, imágínense a Vázquez asegurando que el nuevo estilo del equipo es muy complicado de asimilar, o a Charles comparando al Pontevedra Club de Fútbol con una peli de Michael Bay. ¿No les sonaría al rumor de las sábanas cuando se está haciendo la cama? Pues eso. El eterno retorno.



Pilar Rojo. DP